

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 9 DE ABRIL DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 9 de abril de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez

Non asisten os concelleiros D. Julio Fernández Arias e D. Vítor Manuel Sierra Nieves cuxas ausencias son desculpadas polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, fai uso da palabra e di que conste en acta o recoñecemento e que se lle transmita á familia o pesar da Corporación polo recente pasamento de dous ex concelleiros deste Concello que finaron no mesmo día deste último mes: D. Joaquín Crespo Blanco e D. Delmito Lombardero García.

De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 5 de marzo de 2015.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 5 de marzo de 2015 e non formulándose ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá relativo á aprobación inicial do Regulamento regulador do traballo non presencial.

Di o sr. Alcalde que este Regulamento xa pasou a dúas Comisións de Persoal, despois remitiuse aos representantes sindicais e tamén houbo unha reunión coa mesa de seguimento do Acordo Regulador dos funcionarios e do Convenio Colectivo do persoal laboral. Dá conta do ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá de 6 de abril de 2015, e afirma que se trata de ter un Regulamento para determinar qué traballadores do Concello poden en determinados casos, situacións e días, facer o seu traballo dende a súa casa, polo tema fundamentalmente da conciliación da vida familiar. Di o alcalde que esta forma de traballo estase a poñer en práctica en outras administracións e neste sentido o Concello do Barco quere estar entre os pioneiros.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do P.P., que di que o presente debate lémbrale o que se tivo fai catro anos no penúltimo pleno do anterior mandato, no que tamén se trouxo o Regulamento de Participación Cidadá e despois de debatelos aprobouse e durante os catro anos seguintes nin se promoveu, nin se impulsou nin se utilizou nunha soa vez, e ó final tivo un efecto electoralista, que era o que se perseguía, e que o Regulamento que se está a tratar neste punto parécelle que ten o mesmo camiño. Di o concelleiro que o seu Grupo está de acordo en que exista esta norma, que ven positivas todas aquelas medidas que sirvan para a conciliación da vida laboral e familiar dos traballadores do Concello, pero que se botan en falta outras medidas complementarias. Di o sr. Blanco que esta proposta non deixa de ser outra chapuza máis, pois desde fai aproximadamente un ano xa hai un traballador que se beneficia desta medida, coa que todos estivemos de acordo no seu momento, e facémolo ao revés pois primeiro ponse en práctica e despois faise o Regulamento, é dicir, que se fixo dunha maneira un tanto arbitraria. Di o voceiro que, como xa explicou o Alcalde na Comisión de Persoal, este Regulamento vai permitir que unha porcentaxe moi pequena de traballadores poida acollerse a esta

medida, polo que non se sabe si este Regulamento responde ás necesidades ou ás características que teñen os traballadores e traballadoras do Concello do Barco, por iso o seu Grupo pensa que ten que haber outras medidas complementarias que poidan dar resposta ao maior número de traballadores. Di que non lles gusta algunha outra cousa do Regulamento como o de *“outras funcións que a xuízo da Alcaldía, como xefe superior de persoal, considere susceptibles..”*, xa que segundo o seu Grupo non é moi transparente nin equitativo. Remata a súa quenda o sr. Blanco dicindo que pensa que non hai tanta presión como para facer un Regulamento que podería ser mellorable e debatido en profundidade, tratando de que non só poida acollerse unha porcentaxe pequena de traballadores senón que sexa unha porcentaxe o máis amplo posible, polo tanto o seu Grupo vai a absterse neste punto.

Di o sr. Alcalde que non é obrigatorio facer un debate lapidario en todos os asuntos que se traen ao Pleno, pois hai temas nos que merece a pena facer un debate e hai outros nos que non é obrigatorio comezar con argumentos negativos e por riba cando non se ten razón. Di que este tema non se parece en nada có que lembrou o sr. Blanco de fai catro anos, porque neste caso tráese este Regulamento porque xa se fixo unha experimentación e á vista dos resultados decídese facer un regulamento para que todos os traballadores saiban cáles son as condicións para poderse acoller ao teletraballo. Di o Alcalde que se pregunta porqué di o voceiro do PP que neste asunto comezouse ó revés de cómo se debería facer, pois non hai nada escrito de que teña que facerse nunha orde determinada e que ao comprobar na experimentación que o sistema de traballo funciona é cando se trouxo este asunto ao Pleno e que o voceiro do PP oponse para xustificar a abstención ante un tema que non ten a máis mínima transcendencia política nin ideolóxica. Prosegue dicindo que a este sistema se acollerán poucos traballadores e que pensa que non pode facer un regulamento é contemplar a inmensa casuística que se pode dar e que este Concello xa ten resolto problemas dese tipo de conciliación por exemplo cunha traballadora que tiña de coidar da súa nai e establecéuselle un horario especial de traballo. Remata dicindo o sr. Alcalde que el non coñece ningún regulamento que non remate con expresións como as que reproduciu o sr. Blanco porque ó final é imposible prever todas as situacións que se poden dar.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco que afirma que houbo máis casos, non só o da traballadora da que fala o Alcalde, pero quere saber cáles son os criterios, porque o equipo de goberno non planifica nunca, e se presenta o regulamento é porque agora lle interesa politicamente, que iso é lícito, que el o que repite é o que dixo na Comisión de Persoal o sr. Alcalde, de que a este sistema se poderían acoller dous ou tres traballadores dos que un xa se

acolleu, entón non ve a urxencia de traer agora o regulamento. Di o concelleiro que si que ten moito que ver este asunto co que pasou fai catro anos pois foi ó final do mandato cando o sr Alcalde trouxo a aprobación do Regulamento de Participación Cidadá, que ó final, como xa dixo na anterior intervención, non serviu para nada máis que para aprovalo. Di que quere que o Alcalde lle explique en base a qué normativa estiveron traballando os que fixeron a experimentación, pois non existía ningún regulamento, é dicir, se as autorizacións de teletraballo ou horarios especiais se fixeron ó estilo “*compadre*”, como se fan as cousas no Concello e, como sempre, improvisando para ver cómo resultan as cousas.

Di o sr Alcalde que os regulamentos, as ordenanzas, están para ser modificadas en canto entran en vigor, porque é cando se ven os fallos e as cousas que non se contemplaron, e para elo hai un proceso perfectamente regulado que é a modificación dunha ordenanza, que o sr. Blanco fala de que este tema é electoral e para el é un tema técnico, ao que non alegaron nada nin os traballadores nin os sindicatos, polo que non ve ningunha razón para que un Regulamento que xa está feito se deixe para dentro duns meses, que a experimentación non se fixo ó estilo “*compadreo*”, como di o sr. Blanco, pois cando unha Administración local non ten o seu propio regulamento existen os regulamentos da lexislación autonómica e da lexislación estatal, e no Regulamento que se trae no presente punto, si o houbera lido o sr. Blanco, vería que se fan referencias á normativa estatal. Di o Alcalde que o voceiro do PP plantexa unhas cuestións que sinceramente el non sabe do que está a falar, nin de qué traballadores, nin de qué situacións.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por oito votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

Primeiro: aprobar inicialmente o Regulamento regulador do traballo non presencial que é o seguinte:

REGULAMENTO REGULADOR DO TRABALLO NON PRESENCIAL MEDIANTE O USO DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I As tecnoloxías da información e comunicación están cambiando, entre outras moitas cousas, a forma de entender e desenvolver o traballo. O teletraballo consiste na utilización das tecnoloxías da información e comunicación para independizar á persoa empregada do lugar físico no que desenvolve o seu traballo. Constitúe así unha forma de organización que permite establecer modalidades de prestación de servizos diferentes á presencial e con iso favorecer a conciliación da vida persoal e familiar coa laboral.

II Os poderes públicos do noso ámbito adoptaron diferentes medidas para impulsar o teletraballo entre as que cabería destacar o Acordo Marco Europeo sobre Teletraballo, asinado o 16 de xullo de 2002, en Bruxelas, por iniciativa da Comisión Europea, polos interlocutores sociais do ámbito europeo máis relevantes. Este Acordo vertebra o teletraballo en torno a unha serie de principios básicos, entre os que cabe destacar os seguintes: a súa consideración como forma de organizar ou realizar un traballo, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, o carácter voluntario e reversible do teletraballo, e a igualdade de dereitos legais e convencionais das persoas empregadas co resto de traballadoras e traballadores.

Así mesmo, no ámbito do sector público, un número importante de Estados membros da Unión Europea están a desenvolver distintas iniciativas e experiencias de teletraballo enfocadas ao persoal empregado público.

O artigo 14 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, consagra dentro dos dereitos de carácter individual dos empregados públicos en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo: o dereito a «a adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.»

O artigo 37 do mencionado Estatuto, outorga ao Concello do Barco de Valdeorras, a competencia para negociar, no seu ámbito respectivo, e para todos os empregados públicos, as seguintes materias: «As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos.»

O artigo 3.5 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos establece que: «Son fins da presente Lei: Contribuír á mellora do funcionamento interno das Administracións Públicas, incrementando a eficacia e a eficiencia destas mediante o uso das tecnoloxías da información, coas debidas garantías legais na realización das súas funcións.»

III Neste sentido, debe sinalarse que o poder para a xestión dos seus intereses que outorga a Constitución ás entidades locais, se exerce no marco da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, a que, no seu artigo 4 (no mesmo sentido que o artigo 4 do ROF), dispón que, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias,

corresponde aos entes locais a potestade de auto-organización e regulamentaria. Así, é a Administración a que, dentro das marxes permitidas pola lei, sinala as regras en que han de desenvolverse as actuacións dos particulares ou dos seus propios órganos e persoal. No recoñecemento dunha autonomía para determinar a súa propia organización, recoñécese á entidade local a posibilidade de construír unha estrutura orgánica axeitada ás súas necesidades e problemática.

IV Mediante Resolución da Alcaldía do Concello do Barco de Valdeorras, do 19 de decembro de 2013, aprobouse o Plan Piloto de Teletraballo. Do informe técnico final sobre o resultado deste, extraeuse como conclusión a necesidade de proceder a regular unha nova modalidade da xornada de traballo cuxo cumprimento non requira a presenza física das persoas empregadas públicas nos seus respectivos centros e lugares de traballo mediante a modalidade de teletraballo. A validez e eficacia do acordo require, atendendo ás previsións da mencionada Lei 7/2007, da súa aprobación expresa e formal polos órganos de goberno das Administracións Públicas.

Artigo 1. Obxecto e natureza

O obxecto do presente Regulamento é a regulación da teletraballo entendendo por tal a utilización das tecnoloxías da información e comunicación para independizar á persoa empregada do lugar físico no que desenvolve o seu traballo co obxectivo de fomentar a conciliación da vida familiar e laboral do persoal de administración e servizos no Concello do Barco de Valdeorras.

Artigo 2. Concepto de teletraballo.

1. Enténdese por teletraballo aquela modalidade de prestación de servizos ou da actividade laboral dos empregados e empregadas públicas que se desenvolve, de xeito preponderante, fóra das dependencias da Administración e a través da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.

2. O teletraballo ten como finalidade conseguir unha maior eficacia na prestación dos servizos, mediante unha mellor organización do traballo a través do uso das novas tecnoloxías e da xestión por obxectivos, e contribuír á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, para conseguir con iso un maior grao de satisfacción laboral.

3. Nesta modalidade de prestación de servizo, que terá carácter voluntario para as persoas empregadas públicas, quedarán garantidas as condicións esixidas en materia de prevención de riscos laborais, de seguridade social, de privacidade e de protección e confidencialidade dos datos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

O presente Acordo será de aplicación ao persoal que se sinala a continuación:

- a) Persoal funcionario ao servizo do Concello do Barco de Valdeorras
- b) Persoal laboral ao servizo do Concello do Barco de Valdeorras

Artigo 4. Requisitos.

1. Poderán solicitar a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial o persoal empregado público incluído no ámbito de aplicación que reúna os seguintes requisitos:

a) Estar en situación de servizo activo e ter desempeñado o posto de traballo nos últimos dous anos durante períodos que sumen polo menos un ano, á data de inicio da prestación do servizo mediante teletraballo.

b) Desempeñar un posto de traballo que se considere susceptible de ser desenvolvido na modalidade de traballo non presencial. Para estes efectos, considéranse postos de traballo susceptibles de ser desempeñados na modalidade de teletraballo aqueles cuxas funcións principais son as seguintes:

- Estudo e análise de proxectos.

- Elaboración de informes.

- Asesoría.

- Redacción, corrección e tratamento de documentos.

- Inspección.

- Xestión de sistemas de información e comunicacións.

- Análise, deseño e programación de sistemas de información e comunicacións.

- Tradución.

- Outras funcións que a xuízo da Alcaldía, como xefe superior de todo o persoal, considere susceptibles de ser desempeñadas mediante a modalidade de teletraballo.

Non se autorizarán as solicitudes do persoal empregado público que ocupe postos coas seguintes características:

-Postos en oficinas de rexistro e atención e información ao cidadán.

-Postos cuxas funcións leven consigo necesariamente a prestación de servizos presenciais. Enténdese por servizos presenciais aqueles cuxa prestación efectiva soamente queda plenamente garantida coa presenza física da persoa empregada.

c) Desenvolver, ou ter autorizada solicitude para desenvolver, a xornada de traballo a tempo total ou cunha redución máxima dun quinto, durante o tempo en que se vai desenvolver o traballo na modalidade non presencial.

d) Ter os coñecementos informáticos e telemáticos, teóricos e prácticos, suficientes que require o desenvolvemento das funcións do seu posto na modalidade de teletraballo.

e) Dispoñer, ou adquirir o compromiso de dispoñer, no lugar de teletraballo dos sistemas de comunicación, coas características que defina a Administración, en función da dispoñibilidade tecnolóxica e a seguridade dos sistemas, na data na que comece a modalidade de teletraballo.

2. En relación coa acreditación do coñecemento establecido no punto d), excepcionalmente poderá esixirse a superación dunha proba. Á solicitude acompañarase documentación acreditativa do cumprimento do requisito sinalado no punto e).

3. O cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo deberá manterse durante todo o período de tempo no que a persoa empregada pública preste o seu servizo na modalidade non presencial.

Artigo 5. Procedemento de autorización para teletraballar.

1. As solicitudes de autorización para a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial dirixirase á Alcaldía, que comprobará que se reúnen os requisitos establecidos.

2. Darase traslado das solicitudes que reúnen os requisitos esixidos aos órganos aos que estean adscritas organicamente as persoas solicitantes, para que no prazo de 10 días emitan informe sobre a solicitude, á vista da proposta da persoa responsable da unidade administrativa da que dependa funcionalmente a empregada ou empregado sobre a cobertura das necesidades do servizo. En caso de proposta favorable, indicará o número máximo de persoas da súa unidade que poderían acceder ao teletraballo.

3. No caso de informe favorable, a Área de Informática elaborará, no prazo de 10 días, un informe técnico sobre as necesidades de recursos telemáticos, a viabilidade da conectividade do lugar de teletraballo.

4. No prazo dun mes dende a presentación da solicitude, e á vista dos informes do órgano ao que está adscrito o empregado ou empregada e, se é o caso, da Área de Informática, a Alcaldía ditará resolución motivada de autorización ou denegación da solicitude de teletraballo.

5. O acordo de teletraballo formalizarase por escrito para o caso do persoal laboral. Para o persoal funcionario será suficiente coa recepción da notificación da resolución correspondente.

6. Por razóns organizativas, a Administración poderá facer convocatorias nas que se determinen as datas para a presentación e resolución das solicitudes e o inicio e fin da prestación de servizo en modalidade non presencial.

7. Cando a persoa solicitante preste servizos na modalidade de traballo non presencial con anterioridade, os informes do órgano ao que está adscrito esta e da Área de Informática serán de ratificación dos emitidos no procedemento anterior e emitiranse no prazo de 5 días, salvo que se producisen cambios en relación coa cobertura das necesidades do servizo ou coas necesidades de recursos telemáticos e viabilidade da conectividade, en cuxo caso se estará ao establecido nos apartados 2 e 3 deste artigo. A resolución ditarase no prazo de 15 días.

Artigo 6. Criterios preferentes de autorización.

1. Cando houbese varios empregados ou empregadas públicas que desexen prestar o servizo mediante traballo non presencial e pertencen á mesma unidade de traballo e por cuestións de organización administrativa non fose posible autorizar a devandita modalidade de traballo a todos, esgotadas no seu caso as posibilidades de rotación ou de acordo entre o persoal afectado e a Administración, valoraranse preferentemente as seguintes circunstancias, conforme ao baremo que se inclúe no anexo:

a) Aspectos relacionados coa saúde laboral da empregada ou empregado público: minusvalideces permanentes ou temporais.

a.1. Ter recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento, ou que teñan tal consideración nos termos que establece o artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.

a.2. Alteración da saúde, que afecta á mobilidade, na que unha diminución dos desprazamentos contribuirá de xeito relevante a unha mellora da saúde, acreditada polo Servizo Médico.

b) Empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.

c) Conciliación da vida familiar e laboral:

c.1. Ter, por razóns de garda legal, ao seu coidado directo algún ou algunha menor de doce anos ou persoa minusválida física, psíquica ou sensorial que non desempeñe actividade retribuída, ou familiar que padeza enfermidade grave continuada e conviva con este.

c.2. Ter que atender ou coidar a un ou unha familiar ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade, ou aínda de grao máis afastado se mediase convivencia, por ter dificultades de mobilidade ou padecer unha enfermidade grave continuada, acreditada por informe médico.

d) Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo ou a dificultade para acceder a un servizo ou transporte público para este desprazamento.

e) Realización de estudos relacionados co posto de traballo.

f) Realización de estudos regulados non relacionados co posto de traballo ou desenvolvemento dunha actividade no sector público ou privado, para a que se ten autorizada a compatibilidade.

2. Acompañaranse á solicitude a acreditación documental das circunstancias que se inclúen no parágrafo 1 deste artigo.

3. En caso de empate na puntuación, autorizarase o teletraballo á persoa que obtivese maior puntuación en cada un dos apartados do baremo, segundo a orde expresada neste. De persistir o empate, utilizaranse, por esta orde, o criterio da maior antigüidade no posto de teletraballo e da maior antigüidade na Administración.

4 En calquera caso o goce do teletraballo non poderá estenderse á totalidade dos empregados públicos dun departamento ou unidade administrativa de forma que neste non estea presente, polo menos, de forma física, un empregado público.

Artigo 7. Causas de denegación.

1. As solicitudes de autorización para a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial denegarase por algunha das seguintes causas:

a) Non reunir a empregada ou empregado os requisitos establecidos nos artigos 4 e 5.

b) Non quedar cubertas axeitadamente as necesidades do servizo, acreditado no informe do órgano ao que está adscrita a persoa solicitante.

c) Limitacións das infraestruturas tecnolóxicas ou a imposibilidade de garantir a conectividade no lugar de teletraballo, acreditadas no informe da Área de Informática.

d) Razóns organizativas, debidamente acreditadas.

e) Non ter cumprido a persoa empregada os obxectivos establecidos no anterior período de teletraballo.

2. Acreditada a concorrencia dalgunha das causas sinaladas no apartado 1, o alcalde ou concelleiro delegado en materia de persoal ditará resolución motivada de denegación da solicitude de teletraballo.

Artigo 8. Duración do teletraballo e distribución de xornada semanal.

1. Os períodos de tempo nos que se poderán desenvolver a prestación do servizo na modalidade non presencial determinaranse pola Alcaldía ou concelleiro delegado ou, no seu caso, na convocatoria que se realice.

Para evitar que o teletraballo produza desarraigamento ou un cambio de hábitos e rutinas de tal magnitude que a volta á modalidade presencial poida causar algún prexuízo á persoa empregada, establécense os seguintes límites temporais:

a) A duración máxima do período continuado de teletraballo será en todo caso de 2 anos, sen prexuízo de renovación logo de tramitación do correspondente expediente.

b) En ningún caso a xornada diaria poderá fraccionarse para a súa prestación en ambas as dúas modalidades.

c) As xornadas que poderán prestarse na modalidade de teletraballo serán o 60% das xornadas semanais.

2. As datas de inicio e de fin do período de teletraballo, que respectará os límites temporais establecidos no apartado 1 deste artigo, e a distribución da xornada semanal de traballo se fixará por acordo entre o órgano ao que está adscrita a persoa empregada ou a Alcaldía e o teletraballador, en función das necesidades de servizo e as necesidades da persoa teletraballadora.

Aprobarase polo alcalde ou concelleiro delegado en materia de persoal na resolución de autorización ou posteriormente, sempre antes do inicio da prestación de servizo na modalidade non presencial.

3. Por circunstancias sobrevidas que afecten á persoa empregada ou ás necesidades do servizo, poderase modificar a distribución da xornada semanal de traballo entre a modalidade presencial e a non presencial e/ou reducir temporalmente o número de días semanais de teletraballo, por acordo entre o órgano ao que está adscrita a persoa empregada e esta, conforme ao procedemento establecido no apartado anterior.

4. O teletraballo, pola súa natureza, non comporta de xeito inherente unha especial dedicación nin horaria nin de xornada, senón unha flexibilidade na xornada e nos horarios ordinarios. Non obstante, poderanse fixar períodos mínimos de interconexión para a realización do traballo ou, mesmo que estes períodos de interconexión se fagan coincidir cunhas franxas horarias determinadas, nas que as necesidades do servizo fan necesaria a intercomunicación entre a Administración e a persoa teletraballadora.

5. Se persoal que ten autorizado a modalidade non presencial presenta solicitude de autorización de compatibilidade para o desempeño dunha segunda actividade no sector público, ao valorar a compatibilidade horaria, considerarase como xornada de traballo da persoa interesada, a xornada de traballo que realiza na modalidade presencial.

Artigo 9. Determinación de tarefas e resultados.

A determinación das tarefas a realizar e dos resultados a obter durante o desenvolvemento da xornada de traballo baixo a modalidade non presencial fixarase por acordo entre a persoa responsable da unidade administrativa e o empregado ou empregada. Estableceranse periodicamente ao longo do desenvolvemento do teletraballo e concretaranse nos instrumentos de seguimento correspondentes.

En caso de desacordo, resolverá o órgano ao que está adscrita a persoa empregada.

Artigo 10. Dereitos e deberes.

Os empregados e empregadas públicas que desenvolvan a prestación do servizo na modalidade non presencial terán os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal funcionario e laboral ao servizo de ao servizo do Concello do Barco de Valdeorras, e non sufrirá variación ningunha nas súas retribucións.

Artigo 11. Suspensión temporal.

A autorización para a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial poderá suspenderse temporalmente por circunstancias sobrevidas que afecten á persoa empregada ou ás necesidades do servizo que xustifiquen a medida.

Na tramitación do procedemento darase audiencia á persoa afectada. Acreditadas as circunstancias xustificativas, o alcalde ou concelleiro delegado en materia de persoal ditará resolución motivada de suspensión da autorización, na que se sinalará o prazo de suspensión.

Artigo 12. Revogación pola Administración e finalización polo persoal.

1 La autorización de prestación do servizo na modalidade non presencial poderá quedar sen efecto polas seguintes causas:

- a) Por necesidades do servizo.
- b) Por incumprimento dos obxectivos establecidos.
- c) Por causas sobrevidas que alteren substancialmente as condicións e requisitos que motivaron a resolución de autorización.
- d) Por mutuo acordo entre a persoa empregada e a Administración.

Na tramitación do procedemento darase audiencia á persoa afectada. Acreditada a concorrencia dalgunha das causas sinaladas neste apartado, o alcalde ou concelleiro delegado en materia de persoal ditará resolución motivada de revogación da autorización para a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial.

2. Cando concorran causas xustificativas, a empregada ou empregado poderá solicitar a finalización da modalidade de traballo non presencial antes da data de fin prevista, comunicándoo cunha semana de antelación. Acreditada a causa alegada, o alcalde ou concelleiro delegado en materia de persoal ditará resolución motivada de finalización da prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial.

Artigo 13. Incorporación á modalidade presencial.

Á finalización da prestación do servizo na modalidade non presencial, a persoa empregada incorporarase á modalidade presencial co réxime de xornada que

desenvolvía en día anterior ao inicio da prestación do servizo mediante teletraballo.

Artigo 14. Equipamento.

1. A administración, se posúe os devanditos recursos e se o considera como mellor forma organizativa, poderá facilitar os seguintes recursos para o desempeño do posto na modalidade de teletraballo:

- Un ordenador persoal portátil.
- Un número de teléfono IP ou móbil corporativo.
- Acceso ás aplicacións informáticas do Departamento, susceptibles de ser executadas mediante a canle utilizada.

2. As persoas que teletraballen achegarán unha liña de acceso a Internet que cumpra coas características que defina a Administración.

3. O modo de acceso aos servizos farase a través dunha canle segura de conexión.

Artigo 15. Protección de datos de carácter persoal.

A persoa teletraballadora, na prestación do servizo na modalidade non presencial, cumprirá a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e manterá a debida reserva respecto aos asuntos que coñeza, nos mesmos termos que no desenvolvemento das súas funcións na modalidade presencial.

Artigo 16. Prevención de riscos laborais.

1 O Servizo de Prevención de Riscos Laborais facilitará ao persoal que se acolla á modalidade de teletraballo a avaliación de riscos da súa actividade, así como a formación e información necesaria en materia de seguridade e saúde laboral para evitar os riscos laborais ou, se son inevitables, minimizalos e dispoñer a aplicación das medidas preventivas necesarias.

2 Así mesmo, ese persoal poderá acudir a formación sobre como debe acondicionar o seu posto de traballo fóra das dependencias administrativas, así como as nocións necesarias sobre seguridade e ergonomía nos postos de traballo con pantallas de visualización de datos.

3 Os empregados e empregadas acollidos á modalidade de teletraballo deberán aplicar en todo caso as medidas previstas na súa avaliación de riscos, así como a formación e información facilitada polo Servizo de Prevención non só á súa actividade, senón tamén ao deseño do seu posto de traballo. Non obstante, o Servizo de Prevención proporcionaralles asistencia e asesoramento telefónico cando o precisen.

4 Igualmente, os teletraballadores e teletraballadoras poderán solicitar ao servizo de Prevención o exame do posto de traballo no seu lugar de teletraballo. Accederase a esa petición cando o Servizo considere que é necesaria esa presenza domiciliaria.

No caso de que o Servizo de Prevención recomende adoptar medidas correctoras no posto de traballo, será responsabilidade do persoal teletraballador a súa implantación.

Artigo 17. Formación.

As persoas que asuman a supervisión de teletraballadores como o persoal teletraballador recibirán formación acerca da redacción, xestión e avaliación de obxectivos e sobre elaboración de indicadores e resultados esperados. Nos períodos de teletraballo posteriores terase en conta a formación recibida con anterioridade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. Seguimento do desenvolvemento da modalidade de teletraballo.

O Concello realizará estudos e análise sobre a implantación e o desenvolvemento da prestación do servizo na modalidade de teletraballo, para o que solicitará a información necesaria, e propondrá e adoptará medidas de mellora, baseadas nas conclusións destes.

ANEXO:

- a) Aspectos relacionados coa saúde laboral da empregada ou empregado público: minusvalideces permanentes ou temporais.
 - a.1 Ter recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento, ou que teñan tal consideración nos termos que establece o artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez: 3 puntos.
 - a.2 Alteración da saúde, que afecta á mobilidade, na que unha diminución dos desprazamentos contribuirá de xeito relevante a unha mellora da saúde, acreditado polo Servizo Médico: 4 puntos.
- b) Empregadas públicas vítimas de violencia de xénero: 3 puntos.
- c) Conciliación da vida familiar e laboral:
 - c.1 Ter, por razóns de garda legal, ao seu coidado directo algún ou algunha menor de doce anos ou persoa minusválida física, psíquica ou sensorial que non desempeñe actividade retribuída, ou familiar que padeza enfermidade grave continuada e conviva con este: 2 puntos.
 - c.2 Ter que atender ou coidar a un ou unha familiar ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade, ou aínda de grao máis afastado se mediase convivencia, por ter dificultades de mobilidade ou padecer unha enfermidade grave continuada, acreditada por informe médico: 1,5 puntos.
- d) Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo ou a dificultade para acceder a un servizo ou transporte público para este desprazamento: 1,5 puntos. Para outorgar puntuación por este criterio esíxese que o domicilio se encontre a unha distancia mínima de 40 quilómetros por estrada ou un tempo mínimo de desprazamento de 40 minutos por estrada.
- e) Realización de estudos relacionados co posto de traballo: 1,5 puntos.
- f) Realización de estudos regulados non relacionados co posto de traballo ou desenvolvemento dunha actividade no sector público ou privado, para a que se ten autorizada a compatibilidade: 1 punto.

Segundo: dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición de anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo

de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo indicado no anterior parágrafo.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo ao expediente de modificación orzamentaria suplemento de crédito 01/2015, financiado con cargo ao remanente de Tesourería para gastos xerais.

Di o sr. Alcalde que como xa explicou na Comisión informativa o Interventor Municipal, como todos os anos por estas datas faise un recoñecemento extraxudicial de crédito de todas aquelas facturas que ou ben cando se presentaron ou ben non había partida presupostaria ou ben se presentaron fóra de prazo e non se puideron pagar. Di que o expediente extraxudicial de crédito pódese facer con cargo ás propias partidas do ano en curso pero como está a liquidación terminada e non só é positiva senón que é máis elevada co ano pasado, que o remanente que quedou do ano 2014 para gastar no 2015 é 1.188.000€ e desa cantidade se detraen neste caso 163.252€ dos que 57.000€ son para unha regulación dunha factura pagada no 2003 que non se asentara na partida correspondente, e agora o Interventor asentouna en Transferencias a outras administracións, tamén uns 84.000€ en facturas e o resto para pago das subvencións culturais, deportivas e anpas que estaban pendentes de que presentaran documentación e que ao aprobar o punto seguinte poderase pagar todo, polo que pensa o sr Alcalde que este punto deberá ligarse ao seguinte por estar os dous relacionados. Di que quere aclarar de onde veñen as facturas para ver o volume das partidas, que hai de analíticas catro facturas do ano 2014, que non se puideron pagar por ser de servizos prestados no exercicio 2013, e unha factura de antes do 20 de xaneiro do 2015, todas as demais facturas son posteriores ao 20 de xaneiro. Dá conta do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 6 de abril de 2015.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo, quen di que este é un exemplo máis do que é unha tramitación “*chapucera*”, que el xa lle ía a dicir ao sr. Alcalde que se debería facer o debate deste punto e do seguinte de forma conxunta, que hai diferentes informes suspensivos dos técnicos e que se vai a ditaminar levantar os efectos suspensivos para proceder aos pagos, que quere saber porqué non había partida presupostaria para algunha factura, e si eso se debe a que se gastou máis do que habería que gastar ou si se gastou

en cousas que non estaban orzamentadas, que non entende que con todas as necesidades que se teñen neste Concello, as familias, os traballadores, os parados, as entidades culturais, etc. o sr. Alcalde presuma do remanente de crédito e que despois nos orzamentos vense partidas que non se executan, e non é por aforrar senón que é porque non son capaces de executar o orzamento que teñen para as diferentes partidas establecidas, que quere saber porqué non se executan e si se debe a inexecución a falta de capacidade e acción política necesaria. Prosegue dicindo o sr. Blanco que lle chama moito a atención que o Alcalde cando non quere acordarse dunha data exacta faise un pouco o tolo, politicamente falando, que quere poñer de manifesto algo que lle parece moi grave, que dentro deses reparos e desas subvencións que se están concedendo, non sendo a primeira vez que se fai, resulta que hai algunhas entidades culturais ou deportivas ou doutro ámbito, que presentaron a documentación fóra de prazo, e o Alcalde levanta o reparo e se fai o pago igual, e iso, chámase “*cacicada*”, porque senón se cumpren os requisitos non se pode conceder esa subvención e que non sabe para que se fan as bases e os regulamentos, que o seu Grupo non vai a ser cómplice desta maneira de facer política que ten o Alcalde.

Fai uso da palabra o concelleiro delegado de Cultura sr. Ojea Arias, que di que como xa sabe, pois os compañeiros do sr Blanco integrantes da Comisión de Cultura llo comentarán, por temas burocráticos, de regulamento, esas entidades non foron capaces de xuntar toda a documentación e non foi que presentaran a solicitude fóra do prazo concedido senón que foi posteriormente coa xustificación dos documentos oficiais. Di, con respecto ás cantidades outorgadas non se variou nada, que a diferenza que pode haber é porque algunhas entidades culturais foron incapaces de xustificar a subvención concedida, que todo iso recórdalle que no ano 2009 ou 2010 chamoulle a atención que na Deputación Provincial de Ourense, onde o sr Blanco era vicepresidente e era o responsable da área de cultura, a unha entidade cultural déronlle 30.000€ e foron incapaces de xustificar ese diñeiro, que era para facer museos e actividades complementarias, podendo xustificar soamente 3.000€, e eses 3.000€ deixaron un remanente de 27.000€ que non se puideron dar ás demais entidades culturais, o que quere dicir que ás veces pasan estas cousas en todas as administracións.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde que oíndo ao sr. Blanco da a impresión de que neste Concello pásaselle todo ás entidades e non é verdade, pois a proposta que sae das comisións cunha cantidade para cada entidade, notifícaselle e teñen que xustificar con facturas a porcentaxe correspondente, e quen non presenta ben as facturas non se lle dá a subvención, o que fai que sempre se pague menos do que no seu día se

acordara dar a todas as entidades. Di que hai que entender que o importante é que as asociacións fagan as actividades e moitas veces ó cambiar de responsables veñen os problemas da documentación, que de todas formas estase a falar de cantidades mínimas e que hai que ter en conta todas esas cousas, que con respecto ás facturas das que dixó que non sabe si había partida, é soamente unha factura por importe de 1.087,50€ de gasóleo para a Gardería municipal, que quedou presupostado este gasto para a Gardería pero que, si por exemplo se presupostan 2.000€ e o camión do gasóleo cando veu a primeira vez deixou 1.100€ de gasóleo, quedando 900€ na partida, ó vir a segunda vez deixa 1.087€ entón ao ver só 900€ non se pode pagar nese exercicio. Di que tamén hai que ter en conta que os Interventores dos 8.000 concellos de España dedican o 40% do seu tempo a facer informes para o Goberno central e despois moitas destas cousas pequenas que levan moito tempo xestionar non hai tempo para elas, que neste ano dende o 20 ao 31 de xaneiro o Interventor do Concello do Barco non puido sacar ningún papel de aquí, pois dedicouse integramente neses 10 días a remitir informes a Madrid. Di que dentro duns meses volverán a vir ao Pleno recoñecementos extraxudiciais, pois ó mellor mañá entran por rexistro un par de facturas do ano 2014 e, dende logo, non é culpa do Concello que as empresas subministradoras non cumpran a lei no prazo de remisión de facturas. Prosegue dicindo que claro que hai reparos suspensivos nas facturas porque non se pode pagar ata chegar ao Pleno e o informe do Interventor remata dicindo que se informa favorablemente e que a aprobación destas facturas polo Pleno contéplao a Lei, que é aquí soamente onde se poden aprobar, que se prepara o expediente, ven ao Pleno, apróbase e evidentemente, se paga.

Di o sr. Blanco que parece que todo é inventado, que tanto o Alcalde como o voceiro do Partido Socialista fan o seu equipo e desvían a atención do que el falou, que si as entidades teñen dificultades, son incapaces de xustificar as axudas que reciben hai outro método que xa se fai con outras entidades e é o convenio, pero o equipo de goberno só fai convenios nominativos para as entidades que lles interesan e as outras que pasen polas bases e si por riba non cumpren os requisitos non pasa nada, pero que cando un veciño ou unha veciña do Barco non paga un recibo do IBI ou do IVTM, por exemplo, cando remata o prazo aplícaselle o recargo e ao terminar o prazo do recargo embárgaselle a conta, non se lle perdoa a ningún e que no informe da Intervención en relación cunha das entidades se di literalmente que debería de ser excluída debido a que se presentou fóra do prazo establecido nas bases, non obstante foi admitida o que motiva a emisión do reparo suspensivo fundamentado na omisión dun requisito, e que se pretende

agora levantar o reparo e pagarlle e iso é unha cacicada. Di o sr. Blanco que por todo o que expuxo o seu Grupo vai a absterse.

O sr. Alcalde fai uso da palabra para dicir que o sr. Blanco fala de convenios e quere dicirlle que os convenios están suxeitos a procedemento e a unhas normas tan estritas coma as subvencións con concorrencia, e os concelleiros que forman parte da Comisión de Deportes, que é onde máis convenios hai, saben perfectamente que se puxeron os convenios, que son legais, pola imposibilidade de atopar unhas bases coas que se puidera subvencionar a determinados clubs e asociacións que fan unhas actividades que despois é case imposible de xustificar.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por oito votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de Suplemento de crédito 01/2015 financiado con remanente de Tesourería para Gastos Xerais, que consta dos seguintes documentos:

- **Providencia da Alcaldía do 31/03/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 31/03/2015.**
- **Certificacións da Intervención do 31/03/2015.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 31/03/2015.**

2.- Dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2015.

Dáse conta do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 6 de abril de 2015.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por oito votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1.- Levantar os efectos suspensivos dos reparos formulados pola Intervención nos seus informes do 31/03/2015, relativos á execución do gasto inherente aos xustificantes contidos nas propostas incorporadas ao expediente, motivándose tal levantamento no inxusto prexuízo económico que lle ocasionaría aos terceiros titulares dos devanditos dereitos, se a amentada suspensión se mantivera.

2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2015.

Nestes intre abandona a sesión o concelleiro sr Melo García, por deber legal de abstención no seguinte punto.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo ao expediente de bonificación de ICIO solicitado por D. Celso Santiago Núñez Melo.

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 6 de abril de 2015, adoptado por unanimidade e di que son obras de rehabilitación de vivenda no Casco Antigo do Barco de Valdeorras, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese histórico - artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

Reincorpórase á sesión o concelleiro sr Melo García.

6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo ao expediente de bonificación de ICIO solicitado por Comunidade de Propietarios Eulogio Fernández nº 44.

Di o sr. Alcalde que neste caso trátase da instalación dun ascensor na avenida de Eulogio Fernández nº 44, que foi ditaminado por unanimidade na sesión celebrada o 6 de abril de 2015.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese social, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% na cota do ICIO.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que se presentaron tres Mocións, unha relativa a aprobación definitiva da modificación do Plan Parcial da Área de reparto 13 SUR 13, que xa se debateu na Comisión de Obras aínda que non se puido ditaminar por estar pendente de presentación de documentación, e que unha vez se completou toda a documentación tráese ao Pleno. Di que a segunda moción corresponde a bonificación de ICIO solicitada por D^a Teresa Suárez Mateo, e que a última Moción corresponde á presentada polo PSdeG-PSOE relativa a *“instar ó Goberno Central ao mantemento dos Rexistros Civís”*.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos quince concelleiros asistentes.

**Moción presentada polo Grupo Municipal do PSOE/Alcaldía:
Asunto: Expediente relativo á modificación do Plan parcial SUR 13,
segundo Texto refundido R.X. de entrada de 6 de abril de 2015.**

O sr. Alcalde dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“De conformidade co artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, sométese a consideración do Pleno a aprobación definitiva da modificación do PP-SUR 13.

A urxencia da moción móvase no seguinte:

1º Por que de non tratar e resolver o asunto nesta sesión se demoraría innecesariamente ata a celebración doutra sesión plenaria e o expediente leva bastante tempo en tramitación e cómpre, unha vez completo e axustado a dereito, resolvelo con urxencia para cumprir cos prazos legalmente establecidos.

2º Por que suporá un beneficio para a colectividade o desenvolvemento da área de reparto 13, xa que as obras de urbanización e edificación xerarán emprego no Concello, as obras de urbanización prevén desenvolvemento de infraestruturas públicas e conexións varias importantes –como unha rotonda prevista no PXOM- e mediante o desenvolvemento do plan nacerán áreas comerciais que impulsarán e dinamizarán a economía valdeorresa ademais de prover solo público ao Concello. Para o caso de que se obteña a maioría precisa para incluír o asunto na orde do día, proponse adoptar o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar definitivamente a modificación do Plan Parcial da Área de Reparto 13-SUR 13 a iniciativa de Profoner Galicia S.L., Construcciones José Miguel Rubio S.L., Dionisio Rodríguez Jurjo e Carmen Ferrer Fernández, segundo o documento presentado R.X. de entrada núm. 3077.

Segundo: Publicar no prazo dun mes este acordo no Diario Oficial de Galicia e este acordo xunto co texto íntegro do articulado das normas e ordenanzas modificadas do Plan Parcial no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio achegándolle copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e instrumentos que integran o plan, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo. Nos anuncios aos que se refire o apartado segundo deste acordo se fará constar a data da remisión da documentación á Consellería.

Cuarto: Para a eficacia deste acordo e a entrada en vigor da modificación do Plan Parcial será preciso dar cumprimento aos apartados segundo e terceiro deste acordo e que teña transcorrido o prazo previsto de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación deste acordo, contado dende a recepción da documentación que sinala o artigo 92 da LOUGA no rexistro da Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo e da recepción de copia da acta desta sesión ou extracto comprensivo dos actos e acordos da mesma na Subdelegación do Goberno do Estado en Ourense.

Quinto: Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderán interpor directamente, aqueles que se consideren lexitimados, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á publicación do texto íntegro da disposición impugnada, conforme ao establecido nos artigos 10.1.6 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante,

tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedente en dereito.”

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo que di que quere facer algunhas preguntas sobre cuestións que preocupan na rúa, a algunha das partes afectadas e tamén ao sector do pequeno e mediano comercio. Di que se leva con este tema preto de 11 anos e o Alcalde di que se trae por non deixalo sen tramitar, que parece que o Alcalde cando fala no pleno todo é inocencia, que non ten nada que ver as eleccións municipais e que todo se fai por coincidencias, pero o curioso é que o Alcalde leva meses vendendo que ven o Mercadona, que é fantástico e que se pregunta porqué tanta alfombra roxa para esa empresa e non pensar máis na defensa e nos problemas que pasa o pequeno e o mediano comercio, porque para eles esa instalación non é tan marabillosa e que cre que o motivo de tanta urxencia son as eleccións locais. Di o sr. Blanco que ten falado con algunhas das persoas afectadas e que están valorando presentar neste trámite algún tipo de alegacións porque nalgunhas cousas teñen certas dúbidas, e que o seu Grupo vai a optar pola abstención e insiste en que non entende que despois de tantos anos se teña que aprobar este expediente con tanta présa.

Fai uso da palabra o sr.alcalde que di que é moi sinxela a contestación, que pensa que o sr. Blanco ten un exceso de maliciosidade nos seus pensamentos e que ó final iso vai a rematar sendo un problema para o concelleiro, que non hai que ser na vida tan malicioso pois hai que ver as cousas na súa xusta medida e analízalas obxectivamente, que é a mesma alfombra roxa que se lle puxo a Haley cando se instalou na Proba ou a Froiz, a Lidl, a Día ou a Eroski cando se instalaron nesta vila, porque non hai que esquecer que ningún Concello deste país ten entre as súas funcións obstaculizar o que a Lei di que é legal, que o Concello do Barco asinou unha serie de convenios urbanísticos cando se aprobou o PXOM e os propietarios destes terreos fixeron un desenvolvemento urbanístico do sector para construír vivendas que llo permitía o Plan de Urbanismo e o convenio asinado, pero ó telo xa aprobado non era o momento de construír vivendas e que os propietarios maioritarios queren poñer en valor a súa propiedade e agora veu un empresario particular que puxo en marcha o actual proxecto e unha vez que teñen todos os documentos esixibles non se vai a esperar a que pasen as eleccións para tramitalo, que si hai problemas entre os propietarios dos terreos será problema deles non do Concello e si houbera paralización por algunha razón de tipo xurídico da propiedade non lle incumbe ao Concello pois soamente cumpre coa súa obriga urbanística, nada máis, que o informe do Arquitecto municipal é favorable e o informe de Secretaría di que procede a súa aprobación, entón non se vai a paralizar a

tramitación porque se lle ocorra ao voceiro do PP. Di o Alcalde que para que se vexa que o Concello tamén gaña con este convenio urbanístico quere dar algún dato como por exemplo que se vai a facer unha rotonda que é fundamental para O Barco e que non lle vai a custar nada ao Concello, cando de non ser así tería poñer parte do diñeiro pois a metade da rotonda está en terreo urbano consolidado, que o ámbito son 23.000 m² e deses 23.000 m² defínese o 10% do aproveitamento, é dicir 1.387 edificables cédenselle ao Concello, polo que o Concello vai ter unha parcela de 1.400 m² onde poderá construír, si quere, vivendas ou vendelas e monetarizar ese diñeiro e dedicalo a investimento, e vai ter outra parcela de 1.600 m² de solo dotacional, tamén propiedade do Concello, e que entre as rúas e a zona verde son 3.251 m² e di o informe que dos 23.300 m² que ten o sector pasarán a propiedade pública aproximadamente 11.800 m², case o 50%, é dicir, que o Concello neste desenvolvemento urbanístico vaise a facer con 11.000 m² de solo. Di que en cada desenvolvemento urbanístico os veciños benefíciense deles e por iso o Concello ten que propiciar eses desenvolvementos, sobre todo cando se fan con sentido, que neste caso só se deixan dúas parcelas para naves comerciais, non vai a haber máis edificacións de vivendas que o solar que por lei lle corresponde ao Concello, e ó corresponderlle por lei non se vai a renunciar a el. Di o Alcalde que descoñécense as relacións que hai entre os propietarios, o que se sabe é que hai un preacordo con todos para comprar os terreos e ou se compran xa e asinan todos ou isto se paraliza, porque cando presenten o proxecto de equidistribución.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco que ai uso dela para dicir que o debate dese desenvolvemento urbanístico fíxose en moitas ocasións e un dos problemas que había era o derrubamento das vivendas que hai alí, o que suporía un mal trago para os propietarios e habería que buscar unha solución, que do informe do Secretario dedúcese que non está todo xa preparado, por motivo do prazo das notificacións, e que tamén se fai referencia a que no informe de 31 de marzo de 2015 o enxeñeiro sinala que persisten determinadas irregularidades de concordancia entre planos e memoria. Di o sr. Blanco que con todo o sinalado por el o que se demostra é que non había nada preparado nin está todo correcto, que hai cousas que emendar.

Di o sr. Alcalde que o informe do arquitecto de 31 de marzo de 2015 que cita o sr Blanco é favorable e a pesar deso se lle di ao equipo redactor que faga unha corrección e que presenten un texto refundido no que se corrixa o que pide o informe de Confederación, fundamentalmente o tema das augas pluviais, e unha vez feitas as correccións o arquitecto reafirmase no informe

favorable, co que o Secretario emite informe de que procede a tramitación do expediente, que se pode enmarañar o que se queira pero o que conta é o informe final, pois se houbo defectos corríxíronse, que os propietarios das casas, das que fala o voceiro do PP, chegaron a un acordo económico sobre o valor das mesmas, que algunha desas casas están fóra de ordenación, é dicir, está invadindo unha rúa do Plan de Urbanismo, pois o arroio Cigüeño vai quedar como un bulevar cunha rúa por un lado e outra polo outro e precisamente esas casas están ocupando parte da rúa.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por oito votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar definitivamente a modificación do Plan Parcial da Área de Reparto 13-SUR 13 a iniciativa de Profoner Galicia S.L., Construcciones José Miguel Rubio S.L., Dionisio Rodríguez Jurjo e Carmen Ferrer Fernández, segundo o documento presentado R.X. de entrada núm. 3077.

Segundo: Publicar no prazo dun mes este acordo no Diario Oficial de Galicia e este acordo xunto co texto íntegro do articulado das normas e ordenanzas modificadas do Plan Parcial no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio achegándolle copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e instrumentos que integran o plan, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo. Nos anuncios aos que se refire o apartado segundo deste acordo se fará constar a data da remisión da documentación á Consellería.

Cuarto: Para a eficacia deste acordo e a entrada en vigor da modificación do Plan Parcial será preciso dar cumprimento aos apartados segundo e terceiro deste acordo e que teña transcorrido o prazo previsto de quince días hábiles a partir de la recepción da comunicación deste acordo, contado dende a recepción da documentación que sinala o artigo 92 da LOUGA no rexistro da

Consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo e da recepción de copia da acta desta sesión ou extracto comprensivo dos actos e acordos da mesma na Subdelegación do Goberno do Estado en Ourense.

Quinto: Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderán interpor directamente, aqueles que se consideren lexitimados, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á publicación do texto íntegro da disposición impugnada, conforme ao establecido nos artigos 10.1. 6 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedente en dereito.

Di o sr Alcalde que se presentou unha solicitude de bonificación do ICIO por D^a Teresa Suárez Mateo hoxe pola mañá e ó facer o informe o Interventor e o Aparellador pódese traer a este Pleno, pois de non tratala nesta sesión demoraríase innecesariamente ata a celebración doutra sesión plenaria, causando dito retraso prexuízos para o funcionamento administrativo e fundamentalmente para a interesada. Di que se trata de obras de revestimento de fachada do edificio sito na Praza Maior nº 8 do Barco de valdeorras.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos quince concelleiros asistentes.

Bonificación ICIO solicitada por D^a Teresa Suárez Mateo.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos quince concelleiros asistentes.

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE instando ó Goberno Central ao mantemento dos Rexistros Civís.

O sr Alcalde dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O próximo 15 de Xullo entrará en vigor a Lei 20/2011 de Rexistro Civil, que desvincula estes organismos do servizo xudicial, e os expediente pasarán a ser xestionados polos Rexistradores Mercantís. Tras case que século e medio como servizo público gratuíto para todos os cidadáns, a partir desa data as xestións de rexistro, de obrigado cumprimento para todos, pasarán a ser privatizados de feito. Ademais do custo económico que a aplicación desta lei suporá para a veciñanza, a privatización suporá ademais que as inxentes bases de datos dos Rexistros Civís de todo o país pasen a seren controlados polos 120 rexistradores existentes. Nesas bases de datos hai centos de miles de asentos con datos sensibles da máxima confidencialidade e cuxo acceso, ata agora, só estaba permitido ao persoal funcionario. A partir do 15 de xullo, os datos de todos nós estarán controlados polo persoal que presta os seus servizos nos Rexistros Mercantís, e que non están suxeitos ao estatuto dos funcionarios, no relativo á confidencialidade. Ata agora, o acceso a eses datos só estaba permitido ao persoal funcionario dos Rexistros Civís. De acordo con datos de diferentes asociacións de consumidores e usuarios, os Rexistradores Mercantís poderían ingresar, pola xestión dos Rexistros Civís, en torno 1.200 millóns de euros anuais, e suporá a perda de 3.500 postos de traballo. Os cidadáns veranse privados das oficinas do rexistro Civil (431 en toda España), nos seus municipios, o que implicará que teñan que se trasladar a outras poboacións (só 120 rexistros mercantís en toda España), para facer trámites obrigatorios para toda a poboación. Os veciños do Barco deberán viaxar a Ourense para calquera trámite de inscrición (nacementos, matrimonios, defuncións, tutelas, representacións legais, expedientes de nacionalidade e outros moitos). E por enriba, despois de que se invirtiran 128 millóns de euros do erario público para a dixitalización do Rexistro Civil. Os novos xestores, ademais de cobrar polos seus servizos aos cidadáns, recibirán esa base de datos dixitalizada sen investir nin un euro.

Ante esta situación, sométese á aprobación da Corporación Municipal do Barco de Valdeorras a adopción dos seguintes acordos:

1.-O Concello do Barco rexeita a desaparición dos Rexistros Civís en xeral, e o do Barco de Valdeorras en particular, e esixe do goberno central o mantemento da estrutura rexistral actualmente existente, nas condicións que ten na actualidade.

2.-O Concello do Barco apoia nas súas demandas aos traballadores do Rexistro Civil e o Xulgado do Barco de Valdeorras, así como as accións que se convoquen ata conquistar o mantemento deste servizo no noso municipio.

3.-Solicitar da Xunta de Galicia que apoie ante o Goberno Central o mantemento deste servizo de gran importancia para todos os cidadás da comunidade galega ou, no seu defecto, e tal e como se propuxo dende a Fegamp, que o servizo se transfira aos Concellos, sempre que, como di a Lei de Administración Local, veña acompañado da correspondente partida orzamentaria.

4.-Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno Central.”

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que nunha Comisión executiva da Fegamp debateuse o tema e vendo que era unha perda total para os galegos non ter os rexistros civís onde están actualmente, acordouse que como mal menor, foran os Concellos os que asumiran esa función coa correspondente partida orzamentaria, posto que si os Concellos asumen esa competencia evidentemente o servizo ía seguir sendo gratuíto.

Concédeselle a palabra ao sr. Blanco Paradelo que di que o seu Grupo vai a apoiar a Moción, porque hai que pensar nos servizos e que dende logo sirva tamén como respaldo e unidade de acción, como fixeron tamén no caso dos partidos xudiciais, que independentemente de quen governe que quede claro que ao seu Grupo o que lle importa son os servizos que reciban os veciños e veciñas do Barco. Di o concelleiro que quixera matizar algunha cousa, que fai unhas horas o Vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro de Xustiza fixo unhas declaracións importantes dicindo que apoiaban ao Ministerio no seu cometido para levar adiante as reformas sempre que se garanta, e que así llo garantiron, que se ía a manter o carácter gratuíto e público do Rexistro Civil, que se manterían os postos de traballo e que todo iso é froito dunha reforma levada a cabo polo anterior goberno da nación, que o Alcalde omitiu que o servizo vai a seguir sendo público, que vai seguir sendo gratuíto e que esa reforma foi impulsada polo anterior goberno, o goberno do partido do Alcalde.

Di o sr Alcalde que non se sabe cánto tempo vai seguir sendo gratuíta, o que non vai a ser é público, por moito que o diga o Ministerio e o Vicepresidente da Xunta, porque pasa a ser xestionado polos rexistradores do mercantil, das tres cousas que dixeron esa non se cumpre, e que a máis importante é que agora íase ao xulgado por unha partida de nacemento e coa nova reforma hai que ir a Ourense. Di que nun principio eran os Rexistradores da Propiedade os que se ían a facer cargo dos rexistros civís, co que o problema da distancia non existía pois case todos os partidos

xudiciais teñen rexistrador da propiedade, pero ó final opuxéronse e os rexistros civís pasaron aos rexistradores do mercantil, que de momento farán o servizo gratuíto ata que pasen as eleccións e despois cobrarase.

Nestes momentos incorpórase á sesión o Interventor Municipal o sr. Muñoz Domínguez.

Di o Alcalde que é certo que a Lei iniciou a tramitación co goberno anterior e que el a rexeitou dende o principio, que ten estado en moitas manifestacións en defensa dos intereses deste pobo cando gobernaba o Partido Socialista e que en cambio o sr. Blanco escápase máis, pois cando goberna o PSOE sempre está en primeira fila pero non cando o fai o PP, que é verdade que era ministro Fran Caamaño cando se iniciou a tramitación desta Lei pero que tamén hai que dicir que o PP leva gobernando máis de 3 anos e si non lle gustaba a Lei tivo tempo máis que suficiente de cambiala, non toda a culpa é do que veu de atrás, que quen fixo a negociación cos rexistradores foi o PP non o PSOE.

O sr. Blanco di que o sr Alcalde que non sexa malicioso, pois cando quere é moi malicioso, que eles, si se cumpre o dito polo Vicepresidente, apoiarán a reforma pero, en caso contrario, non e que o importante é que seguirá sendo un servizo público e gratuíto, como así o manifestaron. Di que tamén, en relación cos traballadores dos Rexistros Civís, recolocaranse como xa anunciaron dende o Ministerio de Xustiza.

Di o Alcalde que el non teme polos postos de traballando dos que están actualmente nos Rexistros Civís, pero os van a reasignar dentro dos Xulgados e as prazas que estaban vacantes vanse a amortizar, que é o que está pasando nos demais servizos como fixeron en Madrid. Di que ó final o maior problema que xurde é que hai moita xente que non utiliza o ordenador para resolver un problema telematicamente, porque non se defende nin se desenvolve nese campo e ó final terá que ir a unha xestoría para que llo fagan tendo que pagar, ou ir a Ourense e deixar de traballar unha mañá, non cobrando do seu traballo e pagando os gastos de desprazamento a Ourense e deso non fala nin o Goberno Central nin o Vicepresidente da Xunta. Di que si todo o país está de acordo en que este servizo siga sendo público non se entende que o Goberno insista en privatizalo, sabendo o prexuízo que se lle vai a provocar ao conxunto da cidadanía.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1.-O Concello do Barco rexeita a desaparición dos Rexistros Civís en xeral, e o do Barco de Valdeorras en particular, e esixe do goberno central o mantemento da estrutura rexistral actualmente existente, nas condicións que ten na actualidade.

2.-O Concello do Barco apoia nas súas demandas aos traballadores do Rexistro Civil e o Xulgado do Barco de Valdeorras, así como as accións que se convoquen ata conquistar o mantemento deste servizo no noso municipio.

3.-Solicitar da Xunta de Galicia que apoie ante o Goberno Central o mantemento deste servizo de gran importancia para todos os cidadás da comunidade galega ou, no seu defecto, e tal e como se propuxo dende a Fegamp, que o servizo se transfira aos Concellos, sempre que, como di a Lei de Administración Local, veña acompañado da correspondente partida orzamentaria.

4.-Dar traslado deste acordo tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno Central.”

2. Rogos e preguntas.

Non se realizan.

3. Dación de conta: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 122/15 ata o nº 190/15, e das actas da Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro e 5, 12 e 19 de marzo 2015.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 122/15 ata o nº 190/15 e das actas da Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro e 5, 12 e 19 de marzo de 2015.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:30 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez